



# BOP

MÉRCORES, 18 DE FEBREIRO DE 2026

N.º 039

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

**Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: REGLAMENTACION LMT BCR807 APOYOS 268-A-10, 268-A-11, 268-A-12 Y 268-A-14. (CERVANTES). Expediente: IN407A 2022/70-2**

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

| Concello  | Titular                                                                                                                     | Día        | Hora  | Predio |
|-----------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|-------|--------|
| Cervantes | MVMC de O Pando, Albares e Serrado<br>Repr: Fiscal da Audiencia<br>Xurado Provincial de MVMC,<br>Consellería de Medio Rural | 29/04/2026 | 10:00 | 1      |

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 9 de febreiro de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 0369

##### Anuncio

**Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: REGLAMENTACIÓN LMTA PR802 DERIVADA A CT ESPASANTES (PANTÓN).Expediente: IN407A 2022/30-ATE**

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

| Concello | Titular                                                   | Día        | Hora  | Predio |
|----------|-----------------------------------------------------------|------------|-------|--------|
| Pantón   | Benito Romay Vazquez                                      | 06/05/2026 | 11    | 29     |
|          | Pablo de Prado Diaz                                       |            | 11:15 | 25     |
|          | Antonio Varela Fernández                                  |            | 11:30 | 27     |
|          | Federico Vargas de Prado (Fiscal da Audiencia Provincial) |            | 11:45 | 31     |
|          | Descoñecido (Fiscal da Audiencia Provincial)              |            | 11:45 | 26     |

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 10 de febreiro de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 0370

#### *Anuncio*

**Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: INTERRUPTOR TC EN EL APOYO BJPVWH341 DE LA L.A.M.T. "PRS802 MONFORTE 2"(PANTÓN). Expediente: IN407A 2023/48-2**

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

| Concello | Titular     | Día        | Hora  | Pedio |
|----------|-------------|------------|-------|-------|
| Panton   | Descoñecido | 06/05/2026 | 11:45 | 1     |

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 10 de febreiro de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 0371

#### *Anuncio*

**Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: REGULAMENTACIÓN LMTA SAR804 entre apoios nº D155 e D158 (Paradela). Expediente: IN407A 2022/37-ATE**

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

| Concello | Titular     | Día        | Hora  | Pedio |
|----------|-------------|------------|-------|-------|
| Paradela | Descoñecido | 13/05/2026 | 10:00 | 1     |

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 ( BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 11 de febreiro de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 0372

#### *Anuncio*

**Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: "LMTS, CT, RBT Lugar de Agro (Sarria)". Expediente: IN407A 2023/78-2**

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de

Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

| Concello | Titular                | Día        | Hora  | Predio |
|----------|------------------------|------------|-------|--------|
| Sarria   | María Isabel Díaz Díaz | 13/05/2026 | 11:30 | 1      |

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advérteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 11 de febreiro de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 0384

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

### Anuncio

**Acordo do 9 de febreiro de 2026, do Departamento Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública o proxecto construtivo, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental para o acrecentamento do depósito de lodos vermellos a cota 110, situado no termo municipal de Xove, na provincia de Lugo, promovido por Alúmina Española, S.A.**

En cumprimento do disposto no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, e no artigo 6 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, sométense ao trámite de información pública o proxecto construtivo, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental do acrecentamento do depósito de lodos vermellos a cota 110, situado no termo municipal de Xove, na provincia de Lugo, de titularidade de Alúmina Española, S.A.

O que se fai público facendo constar que, durante o prazo de trinta (30) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia, o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental estarán ao dispor do público, para a súa consulta, no Servizo de Enerxía e Minas do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo, e no portal web da dita Consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>

As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, dirixidas ao director territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 9 de febreiro de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 0373

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### SECCIÓN DE INVENTARIO XERAL

### Anuncio

#### **Información pública relativa a retirada de remolque estacionado sen título habilitante en inmovible de titularidade provincial.**

Por medio do presente faise público que nun inmovible de titularidade da Deputación Provincial de Lugo atópase estacionado un remolque con **matrícula R-5173-BBM**, ocupando o citado inmovible sen título habilitante, sen que conste que o seu propietario procedese á súa retirada voluntaria.

De conformidade co disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, e en particular co establecido nos seus artigos 41 a 44, relativos á protección e defensa do patrimonio das administracións públicas, así como nos artigos 55 e 56, que atribúen ás devanditas administracións a potestade de recuperación de oficio da posesión e o desafiuzamento administrativo dos bens indebidamente ocupados, **requírese ao propietario do citado remolque para que, no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que se poña en contacto coa Sección de Inventario Xeral da**

**Deputación Provincial de Lugo** ([inventarioxeral@deputacionlugo.org](mailto:inventarioxeral@deputacionlugo.org), telef. 982260199) ao obxecto de proceder á súa identificación e retirada do remolque do inmovible provincial.

Transcorrido o citado prazo sen que se produza comparecencia algunha, advírtese que a **Deputación Provincial de Lugo procedera á recuperación de oficio da posesión do inmovible, mediante a retirada subsidiaria do remolque**, en exercicio das potestades que lle atribúe a normativa patrimonial vixente, **con repercusión ao interesado dos gastos que se ocasionen**, sen prexuízo da adopción de calquera outras medidas administrativas ou patrimoniais que resulten procedentes.

Lugo, 11 de febreiro de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0374

## CONCELLOS

### BALEIRA

#### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Baleira na sesión ordinaria do 04 de febreiro do 2026 adoptou o seguinte acordo de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalación e Obras coa finalidade da súa adaptación á lexislación vixente e a modificación do tipo de gravame.:

“EXPEDIENTE 371/2025

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA N.º 8 REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.

PROPOSTA DE ACORDO

Mediante Resolución de Alcaldía do 20 de xaneiro do 2026 incoouse procedemento de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras do concello de Baleira (ordenanza n.º 8) aprobada na sesión plenaria do 15 de setembro de 1989 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 25 de novembro do 2025 co obxecto da súa adaptación á normativa vixente e o aumento do tipo de gravame.

Visto o contido da memoria xustificativa da devandita modificación que consta no expediente asinada por esta Alcaldía con data 27 de xaneiro do 2026.

Visto o informe de Secretaría-Intervención incorporado ó expediente de data 28 de xaneiro do 2026 sobre o procedemento a seguir para a modificación da ordenanza e legalidade da proposta de modificación incorporada ó expediente, que consta como anexo I da presente proposta de acordo.

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do presente ACORDO:

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (Ordenanza n.º 8 deste concello) aprobada na sesión plenaria do 15 de setembro de 1989 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 25 de novembro do 2025, segundo redacción que consta no anexo I que se une ó presente acordo.

**SEGUNDO.** De conformidade co disposto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais expoñer o presente acordo no taboleiro de edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica do concello <https://concellobaleira.sedelectronica.gal> durante trinta días hábiles durante os que os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

De conformidade co disposto no artigo 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 05 de marzo, anteriormente indicado, en caso de non se presentaren reclamacións, entenderáse definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

Se se presentasen reclamacións o pleno resolverá as mesmas adoptando os acordos definitivos que procedan.

**TERCEIRO.** O acordo definitivo, ou o provisional elevado a definitivo, e o texto íntegro da ordenanza modificada publicaránse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no Taboleiro de Edictos e Sede Electrónica do concello.

**CUARTO.** Facultarlle á Alcaldía á sinatura dos documentos relacionados coa execución do presente acordo.

Baleira, xaneiro do 2026 O Alcalde Asdo: Ángel Enrique Martínez-Puga López”

**ANEXO****EXPEDIENTE 371/2025****ORDENANZA FISCAL Nº8****Ordenanza fiscal reguladora del Impuesto sobre Construcciones, Instalaciones y Obras****Artículo 1º.**

1. De conformidad con lo previsto en el artículo 100 del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo por el que se aprueba el Texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, constituye el hecho imponible del impuesto, la realización, dentro del término municipal, de cualquier construcción, instalación u obra para la que se exija la obtención de la correspondiente licencia de obras o urbanística, se haya obtenido o no dicha licencia, o para la que se exija la presentación de comunicación previa, siempre que la expedición de la licencia o la actividad de control corresponda al ayuntamiento de la imposición.

**Artículo 2º.**

1. Son sujetos pasivos de este impuesto, a título de contribuyentes, las personas físicas, personas jurídicas o entidades a que se refiere el artículo 35.4 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, que sean dueños de la construcción, instalación u obra, sean o no propietarios del inmueble sobre el que se realice aquélla.

A los efectos previstos en el párrafo anterior tendrá la consideración de dueño de la construcción, instalación u obra quien soporte los gastos o el coste que comporte su realización.

2. En el supuesto de que la construcción, instalación u obra no sea realizada por el sujeto pasivo contribuyente tendrán la condición de sujetos pasivos sustitutos del contribuyente quienes soliciten las correspondientes licencias o presenten las correspondientes comunicaciones previas, o quienes realicen las construcciones, instalaciones u obras.

**Artículo 3º.**

1. La base imponible de este impuesto está constituida por el coste real y efectivo de la construcción, instalación u obra, y se entiende por tal, a estos efectos, el coste de ejecución material de aquélla.

No forman parte de la base imponible el Impuesto sobre el Valor Añadido y demás impuestos análogos propios de regímenes especiales, las tasas, precios públicos y demás prestaciones patrimoniales de carácter público local relacionadas, en su caso, con la construcción, instalación u obra, ni tampoco los honorarios de profesionales, el beneficio empresarial del contratista ni cualquier otro concepto que no integre, estrictamente, el coste de ejecución material.

2. La cuota del impuesto será el resultado de aplicar a la base imponible el tipo de gravamen.

3. El tipo de gravamen será el 4 por 100.

4. El impuesto se devenga en el momento de iniciarse la construcción, instalación u obra, aún cuando no se haya obtenido la correspondiente licencia o se haya presentado la comunicación previa.

**Artículo 4º.**

1º. Cuando se conceda la licencia preceptiva o se presente la comunicación previa o cuando, no habiéndose solicitado, concedido o denegado aún aquella, o presentado ésta, se inicie la construcción, instalación u obra, se practicará una liquidación provisional a cuenta, determinándose la base imponible en función del presupuesto presentado por los interesados, siempre que hubiera sido visado por el colegio oficial correspondiente cuando ello constituya un requisito preceptivo. En otro caso la base imponible será determinada por los técnicos municipales de acuerdo con el coste estimado del proyecto y/o las actuaciones a realizar.

El impuesto se exigirá en régimen de autoliquidación para el caso de actuaciones sometidas a comunicación previa, a cuenta de la liquidación que definitivamente corresponda, en su caso, una vez ejecutadas las obras. La autoliquidación e ingreso se presentarán junto con la comunicación previa.

2º. Una vez finalizada la construcción, instalación u obra, y teniendo en cuenta su coste real y efectivo, el ayuntamiento, mediante la oportuna comprobación administrativa, modificará, en su caso, la base imponible a que se refiere el apartado anterior practicando la correspondiente liquidación definitiva, y exigiendo del sujeto pasivo o reintegrándole, en su caso, la cantidad que corresponda.

**Artículo 5º.**

La inspección y recaudación del impuesto se realizarán de acuerdo con lo previsto en la Ley General Tributaria y en las demás Leyes del Estado reguladoras de la materia, así como en las disposiciones dictadas para su desarrollo.

**Artículo 6º.**

En todo lo relativo a la calificación de las infracciones tributarias así como a la determinación de las sanciones que por las mismas correspondan en cada caso, se aplicará el régimen regulado en la Ley General Tributaria y en las disposiciones que la complementan y desarrollan.

**Artículo 7ª**

En lo no expresamente previsto en la presente Ordenanza, regirán los preceptos contenidos en la Subsección 5.ª, de la Sección 3ª del capítulo II, del Título II del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, concordantes y complementarios de la misma, y en las demás Leyes del Estado reguladoras de la materia, así como en las disposiciones dictadas para su desarrollo.

**Disposición final**

La presente Ordenanza fiscal, cuya redacción definitiva ha sido aprobada provisionalmente por el Pleno de la Corporación en sesión celebrada el día 04 de febreiro do 2026 entrará en vigor y será de aplicación a partir del día de su publicación íntegra, unha vez aprobada definitivamente, en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

Baleira, enero del 2026 El Alcalde Fdo.: Ángel Enrique Martínez-Puga López”

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte o da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [concellobaleira.sedelectronica.gal](http://concellobaleira.sedelectronica.gal).

De non se presentaren reclamacións no mencionado prazo o acordo ata entón provisional consideraráse definitivamente adoptado sen necesidade de novo acordo plenario.

Baleira, 11 de febreiro de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0375

**CARBALLEDO***Anuncio***BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS Á NATALIDADE DO CONCELLO DE CARBALLEDO****1.- OBXECTO**

As presentes bases teñen por obxecto o establecemento do procedemento para a concesión de axudas á natalidade do Concello de Carballedo co obxecto de contribuir á fixar poboación no termo municipal.

**2.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS**

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais nais que estean empadroados no Concello de Carballedo e que tivesen ou adoptasen un fillo/a no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e 31 de decembro de 2026, sempre que cumpran os requisitos seguintes:

- A) Os pais/nais ou polo menos un de eles, deberán estar en situación regular en España e estar empadroados/as no Concello de Carballedo cunha antelación mínima de 1 ano á data de parto ou adopción.
- B) Os nenos/as nacidos/as ou adoptados/as deberán estar empadroados/as no Concello de Carballedo.
- C) Os solicitantes ou solicitante da axuda deberá comprometerse a seguir empadroados/as no Concello de Carballedo, el/ela e os nenos/as, por un período de catro anos dende o nacemento ou adopción.

O empadramento/a deberá supor a residencia efectiva, polo que tanto o beneficiario/a das axudas coma os nenos/as deberán vivir habitualmente no Concello de Carballedo. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello, solicitando os informes pertinentes (traballadores sociais, policía local, etc..). No suposto de que non se cumprise este requisito iniciárase un procedemento de reintegro da subvención.

D) Os solicitantes ou solicitante da axuda non poden contar con débedas coa administración estatal, autonómica e/ou local

E) Certificado de familia monoparental, de ser o caso

### 3.- TIPOS E CONTÍA DAS AXUDAS

Na aplicación orzamentaria correspondente do orzamento do Concello de Carballedo para o exercicio 2026 dotouse crédito por importe de 10.000 euros para a concesión das axudas á natalidade para o exercicio 2026.

As axudas serán de 1.000 euros por neno/a nacido/a ou adoptado/a.

### 4.- SOLICITUDE E XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

#### – Solicitude

As axudas reguladas na presente convocatoria solicitaranse mediante a presentación no rexistro Xeral do Concello de Carballedo, por calquera dos medios previstos na normativa vixente, dos modelos normalizados previstos nos Anexos das presentes bases reguladoras de acordo co que se indica a continuación:

As solicitudes deberán estar debidamente asinadas e deberán ir acompañadas inescusablemente da seguinte documentación (orixinal ou copia debidamente compulsada):

- DNI ou NIE do/a solicitante, e tratándose de estranxeiros documento que acredite a residencia legal en España.
- Certificado de nacemento expedido polo Rexistro Civil ou copia do auto xudicial de adopción, no seu caso.
- Certificación de titularidade do número de conta bancaria do solicitante no que se recibirá a axuda.
- Declaración xurada de axudas recibidas ou solicitadas para a mesma finalidade (ANEXOII)
- Compromiso de seguir empadroado no Concello de Carballedo por un período mínimo de catro anos(ANEXO I)
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos citados requisitos. En calquera caso iniciárase un procedemento de reintegro de comprobarse a falta de cumprimento dalgún destes requisitos.(ANEXO I)
- Declaración xurada de estar o corrente coas obrigas tributarias da AEAT E ATRIGA e da Seguridade Social de ámbolos proxenitores (ANEXO II).
- 

O Concello de Carballedo comprobará, de oficio que o/a solicitante está ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias coa facenda local, emitindo a Tesouraría Municipal a tales efectos o correspondente informe. Do mesmo xeito, o Concello de Carballedo comprobará de oficio a situación da unidade familiar en relación co padrón municipal.

No suposto de que a documentación sinalada estivese xa en poder da Administración non será necesario aportala de novo sempre que non haxan unha variación das circunstancias iniciais.

De conformidade co artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello de Carballedo comprobará as solicitudes, datos e documentación presentada. No caso de que a solicitude non cumprise os requisitos da convocatoria o Concello requirirá aos interesados para que presenten a documentación correspondente no prazo de dez días hábiles.

### PAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de 4 meses dende a publicación das presentes bases.

### 5.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión de estas subvencións será o de convocatoria aberta en réxime de concorrencia competitiva ata esgotar o crédito orzamentario e ata a data de presentación de solicitudes, sendo a orde de prelación, na concesión das axudas a data de presentación das solicitudes, producíndose varias resolucións ao longo do ano, sen esperar ao esgotamento do prazo da convocatoria.

A instrución do procedemento corresponderalle ao Educador/a Social do Concello de Carballedo.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos para formular a proposta de resolución e realizará unha avaliación previa na que se verificará o cumprimento dos requisitos para adquirir a condición de beneficiario da subvención. O órgano instrutor emitirá o informe correspondente.

A comisión avaliadora estará integrada polo Alcalde do Concello de Carballedo, un/unha funcionaria/a administrativo e o Secretario municipal.

Á vista da avaliación previa efectuada polo órgano instructor a comisión avaliadora emitirá novo informe.

Finalmente o órgano instructor formulará unha proposta de resolución, que será notificada aos interesados, concedéndose un prazo de alegacións de dez días hábiles, no caso de que a solicitude fose desestimada. No caso de que fose estimada omitirase dito trámite.

O órgano competente para a resolución do procedemento será a Xunta de Goberno Local do Concello de Carballedo. O prazo para a resolución do procedemento será de 3 meses dende a presentación da solicitude. Transcorrido dito prazo sen que se ditase resolución expresa entenderase desestimada a solicitude.

#### **6.- PUBLICIDADE**

As presentes bases serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, e na páxina web do Concello.

#### **7.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS**

A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade que poda obterse de outros organismos.

#### **8.- NORMATIVA SUPLETORIA**

En todo o non previsto nas presentes bases, aplicarase o disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Carballedo para o exercicio 2026, así como o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e demais normas e regulamentos de aplicación.

#### **9.- IMPUGNACIÓN**

Contra o acordo de aprobación definitiva destas bases poderá interpoñerse polas persoas interesadas recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde do Concello de Carballedo, no prazo dun mes dende a publicación do acordo de aprobación ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

#### **10.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

|               |                                                                                                                      |
|---------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| RESPONSABLE   | Concello de Carballedo                                                                                               |
| FINALIDADE    | Xestión das axudas de natalidade do Concello de Carballedo                                                           |
| DESTINATARIOS | Soamente se efectuarán cesións e transferencias previstas legalmente ou autorizadas mediante o consentimento         |
| DEREITOS      | Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como todos os dereitos previstos na normativa sobre protección de datos |

Carballedo, 11 de febreiro de 2026.- O alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

**ANEXO I****SOLICITUDE DE AXUDAS DE APOIO Á NATALIDADE DO CONCELLO DE CARBALLEDO PARA O EXERCICIO 2026**

- Nome e apelidos do solicitante: \_\_\_\_\_
- DNI n.º: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_
- Enderezo: \_\_\_\_\_

**Datos do/a fillo/a**

- Nome e apelidos: \_\_\_\_\_
- Data de nacemento ou adopción: \_\_\_\_\_

Comprométome a seguir empadroad/a e con residencia efectiva, tanto eu como o/a meu/miña fillo/a, no Concello de Carballedo por un período mínimo de catro anos.

Comprométome á devolución desta axuda no caso de incumprir algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Autorizo ó Concello de Carballedo a comprobar o certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, onde figure a data de alta no padrón de habitantes, cuxa finalidade é única e exclusivamente para a solicitude de axudas a prol da natalidade no Concello de Carballedo.

Autorizo ó Concello de Carballedo a comprobar, de oficio estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias coa facenda local

(Sinatura da persoa solicitante ou persoa que a representa)

**Datos do/a cónxuxe ou parella (se é o caso)**

- Nome e apelidos: \_\_\_\_\_
- DNI n.º: \_\_\_\_\_

Autorizo ó Concello de Carballedo a comprobar o certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, onde figure a data de alta no padrón de habitantes, cuxa finalidade é única e exclusivamente para a solicitude de axudas de apoio a natalidade no Concello de Carballedo, sempre e cando conste neste Concello.

Autorizo ó Concello de Carballedo a comprobar, de oficio estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias coa facenda local.

(Sinatura do/a cónxuxe ou parella)

Carballedo, ..... de ..... de .....

**ANEXO II****DECLARACIÓN XURADA**

Don/a \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_  
e domicilio en \_\_\_\_\_  
e Don/a \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_

**DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

Estar ó corrente coas obrigas tributarias da AEAT E ATRIGA e da Seguridade Social

Que non teño nin solicitada, nin recibida, nin pendente de resolución ningunha outra axuda pola mesma finalidade en ningunha administración pública ou organismo competente.

Que teño solicitada, e/ou recibida, ou pendente de resolución axuda pola mesma finalidade coa seguinte identificación: \_\_\_\_\_

Carballedo, ..... de ..... de .....

Sinatura da persoa solicitante ou persoa que a representa

Sinatura do outro proxenitor ou proxenitora

R. 0401

---

**CERVANTES***Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2026**

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello de data 12 de febreiro de 2026, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, e o plantel de persoal para o exercicio económico 2026, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días dende a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Cervantes, 13 de febreiro de 2026.- O alcalde- presidente, don Benigno Gómez Tadín.

R. 0402

---

**CHANTADA***Anuncio***EXPTE: 193/2026****PLAN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025.-REFORZO DO EMPREGO.****BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CONTRATACIÓN POR UN PERÍODO DE 6 MESES NA ANUALIDADE DE 2026 DO PERSOAL SEGUINTE:****I.-CINCO (5) OFICIAIS DE PRIMERA:****UN (1) PALISTA,****UN (1) CONDUTOR DE CAMIÓN****UN (1) CONDUTOR DE CAMIÓN CON CUBA****UN (1) CONDUTOR DE TRACTOR-DESBROZADORA****UN (1) ALBANEL****II.-TRES (3) PEÓNS ESPECIALISTAS.****BASES XERAIS****PRIMEIRO.- OBXECTO DAS BASES XERAIS.**

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento xenérico para a selección de persoal laboral temporal no Concello de Chantada.

O persoal seleccionado prestará servizos, de carácter temporal, no Concello de Chantada, mediante un contrato temporal **por circunstancias imprevisibles da produción**, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas sinaladas o abeiro do Plan deputación de cooperación cos concellos en 2025, promovido pola Deputación provincial de Lugo incluído no programa B3, ou calquera outra que lle poida encomendar a Alcaldía ou as concellerías delegadas, que garden relación cos postos a desempeñar.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no Taboleiro de Edictos da Casa Consistorial e na páxina web municipal: [www.concellodechantada.org](http://www.concellodechantada.org).

Estas Bases son Xerais, polo que se acodirá a cada convocatoria concreta regulada a través das Bases Específicas.

**SEGUNDO.- NORMAS DE APLICACIÓN.**

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, e a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas. E de forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

**TERCEIRO.- REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.**

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

**A)** Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

**B)** Estar en posesión da titulación esixida en cada caso para cada praza nos termos sinalados nas Bases Específicas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

**C)** Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

**D)** Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

**E)** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

- F) Posuír coñecemento do idioma galego, que se acreditará mediante o esixido para cada praza nas Bases Específicas.
- G) Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Chantada, os/as aspirantes seleccionados/as comprométense a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

- H) Os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados, cando esta proceda, deberán ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, e deberán expresalo no formulario de solicitude de participación no proceso selectivo.
- I) De conformidade co disposto na cláusula 11ª.1 do Plan, que se describe literalmente “e imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa...”

Este extremo acreditarase coa presentación da correspondente vida laboral actualizada a data de solicitudes.

#### **CUARTO.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

Os/As interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo destas bases e que tamén se facilitará nas Oficinas administrativas do Concello de Chantada e na súa páxina Web, ao Sr. Alcalde do Concello de Chantada, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e nas bases específicas para a praza que se opte, ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios sinalados na Lei 39/2015, deberán comunicalo o correo electrónico: [persoal@concellodechantada.org](mailto:persoal@concellodechantada.org), remitindo copia anexa da solicitude de participación no proceso selectivo.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

#### **QUINTO.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.**

##### **5.1.- COPIA COTEXADA DO DNI OU PASAPORTE.**

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

##### **5.2.- COPIA COTEXADA DA TITULACIÓN ESIXIDA EN CADA POSTO CONCRETO.**

##### **5.3.- COPIA COTEXADA DO TÍTULO DE GALEGO ESIXIDO EN CADA POSTO CONCRETO.**

##### **5.4.- COPIA COTEXADA DO CARNÉ DE CONDUCIR, DE SER NECESARIO.**

##### **5.5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO O ANEXO.**

##### **5.6.- XUSTIFICACIÓN DA SITUACIÓN DE DESEMPREGO (VIDA LABORAL OU OUTRO DOCUMENTO ACREDITATIVO).**

##### **5.7.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS PARA A FASE DE CONCURSO (VIDA LABORAL, CONTRATOS, CERTIFICADOS DE EMPRESA, CURSOS...) DEBIDAMENTE COTEXADA.**

Deberase acompañar á solicitude, as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/emprego ao que se opte, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, informe de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal).

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos nas Bases Específicas deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

**5.8.- OS ASPIRANTES CON DISCAPACIDADE DEBERÁN FACELO CONSTAR NA SOLICITUDE, CO FIN DE FACER AS ADAPTACIÓNS DE TEMPO E MEDIOS NECESARIOS, PARA GARANTIR A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES CO RESTO DOS ASPIRANTES.** Os interesados deberán formular petición expresa de participar no proceso de selección pola quenda de discapacidade (cando este estivese previsto) debendo aportar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de discapacidade, acreditando a/s deficiencia/s que deran orixe ó grado de discapacidade recoñecido, a efectos de que o tribunal poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

#### **SEXTO.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que no cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizan tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

- 1) Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.
- 2) Secretario:** Un funcionario da Corporación, que actuará con voz e sen voto.
- 3) Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quen se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe o Sr. Alcalde. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

#### **PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.**

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, so terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesións que se produzan en distintos días, a percibir as axudas de custo por asistencia de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sempre e cando exista una proba no proceso de selección.

**SÉTIMO.- SISTEMA DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.**

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

**– FASE DE OPOSICIÓN:**

A fase de oposición será previa á do concurso.

Consistirá na realización dunha proba teórica e/ou práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acordes coa praza.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados nas dúas fases. No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar, a quen obtivese a maior puntuación no exercicio de carácter práctico. De persistir o empate resolverase por sorteo realizado polo Tribunal de selección en presenza dos aspirantes afectados.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non compareza, agas causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI/NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

**– FASE DE CONCURSO.**

Esta fase será posterior á de oposición e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para supera-los exercicios da fase de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os méritos establecidos para cada posto en concreto.

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente.

Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

**OITAVO.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 3 días hábiles, coa lista provisional de admitidos e excluídos. Nesta resolución, que se publicará no Taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada, farase constar a causa da exclusión e concederase un prazo de tres días hábiles para que polos interesados se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión (non para alegar novos méritos non alegados até entón). No caso de ser todos admitidos na lista provisional, esta elevarase automaticamente a definitiva.

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indicarse a data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio.

Ademais farase constar cos resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, expóranse nos locais onde se celebrou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada.

**NOVENO.- RELACIÓN DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos.

**PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Chantada a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

- Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

O prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que non poderá ser obxecto de ampliación en ningún caso.

#### **DÉCIMO.- BOLSA DE TRABAJO**

Os aspirantes que teñan superado a fase de oposición pero que non contaron coas mellores puntuacións logo da suma das obtidas na fase de concurso e na fase de oposición e polo tanto non foron seleccionados para as prazas ofertados pasaran a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes dos seleccionados durante o período subvencionado que nunca se estenderá mais da data na que remate o programa reforzo do emprego 2025.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo co Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

#### **UNDÉCIMO.- PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

Reservarase unha cota do sete por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas.

A reserva do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Cada Administración Pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado devandito proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade.

#### **DUODÉCIMO.- RECURSOS.**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario e Convenio Colectivo do Persoal do Concello, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

#### **ANEXO I TEMARIO**

TEMA 1.-Nocións básicas da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

TEMA 2.-Nocións Básicas do Estatuto de Autonomía de Galicia.

TEMA 2.-Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

TEMA 3.-Diferentes materiais e ferramentas en construción.

TEMA 4.-Elementos da construción: Muros Tabiques, paredes.

TEMA 5.-Demolicións.

TEMA 6.-Reparación de baches en pistas. Materiais e ferramentas a empregar.

TEMA 7.-Reparación de camiños. Materiais e ferramentas a empregar.

TEMA 8.-Desbroce en pistas e camiños. Materiais e ferramentas a empregar.

TEMA 9.-Conceptos básicos acerca da identificación de diferentes vías: Locais, provinciais, autonómicas e estatais.

TEMA 10.-Conceptos básicos sobre pavimentación de vías públicas.

## ANEXO II

### **BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO:**

#### **~ PEÓN ESPECIALISTA**

**1.- Obxecto da convocatoria:** é obxecto das presentes bases a contratación de 3 PRAZAS DE PEÓNS ESPECIALISTAS a xornada completa (100%) en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base ao apartado “Programa reforzo do emprego 2025”, incluído dentro das bases reguladoras do Plan deputación cooperación cos concellos 2025, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 04, de 07/01/2025; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 04/02/2025.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal, por circunstancias imprevisibles da produción.

| CONCEPTO                                              | IMPORTE MENSUAL |
|-------------------------------------------------------|-----------------|
| Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra            | 1.713,86 €      |
| Seguridade social mensual                             | 660,69 €        |
| Indemnización fin de contrato por 6 meses de contrato | 342,78 €        |

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias de peón especialista de obras e as asinadas polo Alcalde da Corporación e o servizo de obras, entre outras:

Servicio ós oficiais palista, camioneiros e do tractor-desbrozadora. Traballos sinxelos de albanelería; mantementos sinxelos; limpeza e desbroces de camiños e estradas; colaboración nas obras de compactación de caixas de camiños, subases, bacheos, rexeneración e asfaltado de camiños e estradas; manexo de gravilladora e apoio á mesma, manexo de cuba e da manguera/lanza de riego.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 ou equivalente e xustificación de desemprego ou mellora de emprego.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** Certificado de escolaridade equivalente ou superior.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir B.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

- **Fase de oposición.** De carácter eliminatoria.
- **Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

**A) FASE DE OPOSICIÓN 20 puntos.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

O **segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Puntuará como **máximo 10 puntos**.

#### **Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o día seguinte do asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

#### **B) FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

- Experiencia profesional. Máximo 4 puntos.
- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5ª das bases xerais.

- Formación: Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:
- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

- Situación laboral (máximo 0.8 puntos)

3.1. Por estar en situación de desemprego 0,01 por cada mes completo (máximo de 0,4 puntos).

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia en esta situación.

3.2. Por non percibir ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego que deberá acreditarse a través do correspondente certificado. (0,4 puntos).

- Por ser muller. (0,8 puntos).
- Por ter unha discapacidade igual ou superior ó 33% (0,8 puntos).
- Por ser maior de 45 anos (0,8 puntos).
- Por ser vítima de violencia de xénero (0,8 puntos).

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

**ANEXO III.****BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO:****~ PALISTA.**

**1.- Obxecto da convocatoria:** É a selección mediante concurso-oposición, 1 POSTO DE PALISTA a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base o apartado "Programa reforzo do emprego 2025", incluído dentro das bases reguladoras do Plan deputación de cooperación cos concellos 2025, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 04, de 07/01/2025; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 04/02/2025.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal, por circunstancias imprevisibles da produción.

| CONCEPTO                                              | IMPORTE MENSUAL |
|-------------------------------------------------------|-----------------|
| Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra            | 1.795,38 €      |
| Seguridade social mensual                             | 692,12 €        |
| Indemnización fin de contrato por 6 meses de contrato | 359,10 €        |

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias dun palista e as asinadas polo Alcalde da Corporación e Servizo de obras, entre outras:

- Todas as sinaladas para peóns especialistas.
- Manexo de pala retroexcavadora e cargadora.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 ou equivalente e xustificación de desemprego ou mellora de emprego.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** Certificado de escolaridade ou superior.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir B e título de operador de pala retroexcavadora e cargadora.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

**A) Fase de oposición.** De carácter eliminatoria.

**B) Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

**A) FASE DE OPOSICIÓN 20 puntos.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

**O segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Puntuará como **máximo 10 puntos**.

**Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

**B) FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

**F) Experiencia profesional.** Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5ª das bases xerais.

**G) Formación:** Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

**H) Situación laboral (máximo 0.8 puntos)**

**3.1. Por estar en situación de desemprego 0,01 por cada mes completo (máximo de 0,4 puntos).**

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia en esta situación.

**3.2. Por non percibir ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego que deberá acreditarse a través do correspondente certificado. (0,4 puntos).**

**I) Por ser muller. (0,8 puntos).**

**J) Por ter unha discapacidade igual ou superior ó 33% (0,8 puntos).**

**K) Por ser maior de 45 anos (0,8 puntos).**

**L) Por ser vítima de violencia de xénero (0,8 puntos).**

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

**ANEXO IV.**

**BASES ESPECÍFICAS DE DOUS POSTOS/EMPREGOS DENOMINADOS:**

**~ 1 CONDUTOR DE CAMIÓN CON CAP PARA MANEXO DE CAMIÓN**

**~ 1 CONDUTOR DE CAMIÓN CON CAP PARA CUBA DE RIEGO.**

**1.- Obxecto da convocatoria:** É a selección mediante concurso-oposición, 2 POSTOS PARA CONDUTOR DE CAMIÓN E CAMIÓN CON CUBA DE RIEGO a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral temporal en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base o apartado "B Programa reforzo do emprego 2025", incluído dentro das bases reguladoras do Plan deputación de cooperación cos concellos 2025, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 04, de 07/01/2025; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 04/02/2025.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal, por circunstancias imprevisibles da produción.

| CONCEPTO                                              | IMPORTE MENSUAL |
|-------------------------------------------------------|-----------------|
| Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra            | 1.795,38 €      |
| Seguridade social mensual                             | 692,12 €        |
| Indemnización fin de contrato por 6 meses de contrato | 359,10 €        |

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias dun condutor camión e camión con cuba de riego, e as asinadas polo Alcalde da Corporación e Concelleiro da área, entre outras:

1.- Todas as sinaladas para peóns especialistas.

2.- Manexo de camión e cuba de riego.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 ou equivalente e xustificación de desemprego ou mellora de emprego.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir C e C.A.P. para ambos postos.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

**A) Fase de oposición.** De carácter eliminatoria.

**B) Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

**A) FASE DE OPOSICIÓN.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

**O segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 10 puntos para superar a proba. Puntuará como máximo 20 puntos.

**Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sin. dicionario, elixido libremente polo tribunal, de castelán ao galego.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

**B) FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

## 1) Experiencia profesional. Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais.

## 2) Formación : Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

## 3) Situación laboral (máximo 0.8 puntos)

## 3.1. Por estar en situación de desemprego 0,01 por cada mes completo (máximo de 0,4 puntos).

A permanencia en situación de desemprego acreditarase mediante documento acreditativo de períodos de desemprego, emitido pola Oficina de Emprego. Unicamente se terá en conta o último período de permanencia en esta situación.

## 3.2. Por non percibir ningún tipo de prestación ou subsidio por desemprego que deberá acreditarse a través do correspondente certificado. (0,4 puntos).

## 4) Por ser muller. (0,8 puntos).

## 5) Por ter unha discapacidade igual ou superior ó 33% (0,8 puntos).

## 6) Por ser maior de 45 anos (0,8 puntos).

## 7) Por ser vítima de violencia de xénero (0,8 puntos).

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

**ANEXO V.****BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO:****~ CONDUCTOR TRACTOR-DESBROZADORA**

**1.- Obxecto da convocatoria:** É a selección mediante concurso-oposición, 1 POSTO DE CONDUCTOR TRACTOR-DESBROZADORA a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base o apartado "Programa reforzo do emprego 2025", incluído dentro das bases reguladoras do Plan deputación de cooperación cos concellos 2025, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 04, de 07/01/2025; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 04/02/2025.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal, por circunstancias imprevisibles da produción.

| CONCEPTO                                              | IMPORTE MENSUAL |
|-------------------------------------------------------|-----------------|
| Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra            | 1.795,38 €      |
| Seguridade social mensual                             | 692,12 €        |
| Indemnización fin de contrato por 6 meses de contrato | 359,10 €        |

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias dun condutor de tractor e específicas para uso da desbrozadora e as asinadas polo Alcalde da Corporación e Concelleiro das áreas afectadas, entre outras:

3. Todas as sinaladas para peóns especialistas.

4. Manexo de tractor-desbrozadora e acoples do mesmo.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 ou equivalente e xustificación de desemprego ou mellora de emprego.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** Certificado de escolaridade ou superior.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir B e manexo tractor con desbrozadora.

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

**C) Fase de oposición.** De carácter eliminatoria.

**D) Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

**C) FASE DE OPOSICIÓN 20 puntos.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

**O segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Puntuará como **máximo 10 puntos**.

**Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

**D) FASE DE CONCURSO.** Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

**M) Experiencia profesional.** Máximo 4 puntos.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5ª das bases xerais.

**N) Formación :** Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos

- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

## **ANEXO VI**

### **BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO:**

#### **~ ALBANEL**

**1.- Obxecto da convocatoria:** É a selección mediante concurso-oposición, 1 posto de albanel a xornada completa (100%), en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, en base o apartado "Programa reforzo do emprego 2025", incluído dentro das bases reguladoras do Plan deputación de cooperación cos concellos 2025, publicadas no Boletín oficial da provincia de Lugo, nº 04, de 07/01/2025; no que participa este Concello por Resolución da Alcaldía de 04/02/2025.

**2.- Relación xurídica co Concello:** Persoal laboral temporal, por circunstancias imprevisibles da produción.

| CONCEPTO                                              | IMPORTE MENSUAL |
|-------------------------------------------------------|-----------------|
| Salario Bruto Mensual, incluída Paga extra            | 1.795,38 €      |
| Seguridade social mensual                             | 692,12 €        |
| Indemnización fin de contrato por 6 meses de contrato | 359,10 €        |

**3.- Funcións:** As correspondentes e propias dun albanel e as asinadas polo Alcalde da Corporación e Concelleiro das áreas afectadas, entre outras:

5. Todas as sinaladas para peóns especialistas.

6. Propias dun albanel oficial de primeira.

**4.- Requisitos imprescindibles:** Celga 1 ou equivalente e xustificante de demandante ou mellora de emprego.

Se non se pode acreditar este requisito concreto, poderase acceder ó proceso selectivo, pero será necesario superar a realización dunha proba de lingua galega, nos termos sinalados no apartado da fase de oposición.

**5.- Titulación requirida.** Certificado de escolaridade ou superior.

**6.- Requisitos específicos.** Carné de conducir B

**7.- Baremo do sistema selectivo:** O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

**E) Fase de oposición.** De carácter eliminatoria.

**F) Fase de concurso.** A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

**E) FASE DE OPOSICIÓN 20 puntos.** Consistirá na realización de dous exercicios que serán cualificados de 0 a 10 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

**O primeiro exercicio 10 puntos.** Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 10 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

**O segundo exercicio** consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e/ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba. Puntuará como **máximo 10 puntos**.

#### **Exercicio de proba de galego.**

Común e obrigatorio para aqueles candidatos/as que non poidan acreditar o coñecemento do galego no nivel CELGA 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que

se regulan os certificados oficiais acreditativos do niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG nº 146, do 30 de xullo).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán someterse a un exame oral.

Esta proba terá unha duración máxima de 20 minutos, e será realizada o mesmo día asignado para as outras probas da fase práctica.

Este exercicio valorarase como APTO ou NON APTO, sendo necesario para superalo obter o resultado de APTO. O tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

**F) FASE DE CONCURSO. Non ten carácter eliminatorio.**

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, de acordo coa seguinte distribución.

**O) Experiencia profesional. Máximo 4 puntos.**

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,5 puntos por cada mes de servizo.
- Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,25 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais.

**P) Formación: Máximo 2 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria:**

- Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos
- Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos
- Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

En caso de empate na fase de concurso, estarase ao disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Chantada, 11 de febreiro de 2026.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

**ANEXO VII. MODELO DE SOLICITUDE**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
número de teléfono \_\_\_\_\_, con domicilio a estes efectos en \_\_\_\_\_,  
e dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_, expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Chantada para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza sinalada con unha (X):

- ☐ Peón especialista.
- ☐ Palista.
- ☐ Conductor para camión
- ☐ Camión con cuba.
- ☐ Conductor tractor-desbrozadora.
- ☐ Albanel.

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- ☐ Copia cotexada da titulación esixida.
- ☐ Copia cotexada do título de galego.
- ☐ Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- ☐ Copia cotexada do carné de conducir, se procede
- ☐ Declaración responsable
- ☐ Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

O/A Solicitante

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA**

**Tratamento e protección de datos (Galego)**

|                      |                                                                                                                    |
|----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsable</b>   | <b>CONCELLO DE CHANTADA.</b> P2701600E. Plaza de España, 1.- 27500.- Chantada.- LUGO                               |
| <b>Finalidades</b>   | Recollida e xestión dos datos e documentación indicada na instancia de solicitude.                                 |
| <b>Lexitimación</b>  | Consentimento do interesado e Obriga legal do Concello de Chantada para a tramitación da solicitude.               |
| <b>Duración</b>      | Os datos conservaranse mentres dure o proceso.                                                                     |
| <b>Destinatarios</b> | Persoal e/ou entidades involucradas na xestión do proceso.                                                         |
| <b>Dereitos</b>      | Acceso, rectificación, supresión, oposición, e outros desenvolvidos na información adicional.                      |
| <b>Info ampliada</b> | <a href="https://www.concellodechantada.org/">https://www.concellodechantada.org/</a> ou nas oficinas do Concello. |

**Tratamento e protección de datos (castelán)**

|                      |                                                                                                                      |
|----------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsable</b>   | <b>CONCELLO DE CHANTADA.</b> P2701600E. Plaza de España, 1.- 27500.- Chantada.- LUGO                                 |
| <b>Finalidades</b>   | Recogida y gestión de los datos y documentación indicado en la instancia de la solicitud.                            |
| <b>Legitimación</b>  | Consentimento del interesado y Deber legal del Ayuntamiento de Chantada para la tramitación de la solicitud.         |
| <b>Duración</b>      | Los datos se conservarán mientras dure el proceso.                                                                   |
| <b>Destinatarios</b> | Personal y/o entidades involucradas en la gestión del proceso.                                                       |
| <b>Derechos</b>      | Acceso, rectificación, supresión, y oposición, y otros desenvolvidos en la información adicional.                    |
| <b>Info ampliada</b> | <a href="https://www.concellodechantada.org/">https://www.concellodechantada.org/</a> o en la oficinas del Concello. |

**ANEXO VII. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
número de teléfono \_\_\_\_\_, con domicilio a estes efectos en \_\_\_\_\_,  
e dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

- ☐ Peón especialista.
- ☐ Palista.
- ☐ Conductor para camión
- ☐ Camión con cuba.
- ☐ Conductor tractor-desbrozadora.
- ☐ Albanel.

convocada polo Concello de Chantada e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

**A)** Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

**B)** Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

**C)** Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026.

O/A Solicitante

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA**

**Tratamento e protección de datos (Galego)**

|                      |                                                                                                                    |
|----------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsable</b>   | <b>CONCELLO DE CHANTADA.</b> P2701600E. Plaza de España, 1.- 27500.- Chantada.- LUGO                               |
| <b>Finalidades</b>   | Recollida e xestión dos datos e documentación indicada na instancia de solicitude.                                 |
| <b>Lexitimación</b>  | Consentimento do interesado e Obriga legal do Concello de Chantada para a tramitación da solicitude.               |
| <b>Duración</b>      | Os datos conservaranse mentres dure o proceso.                                                                     |
| <b>Destinatarios</b> | Persoal e/ou entidades involucradas na xestión do proceso.                                                         |
| <b>Dereitos</b>      | Acceso, rectificación, supresión, oposición, e outros desenvolvidos na información adicional.                      |
| <b>Info ampliada</b> | <a href="https://www.concellodechantada.org/">https://www.concellodechantada.org/</a> ou nas oficinas do Concello. |

**Tratamento e protección de datos (castelán)**

|                      |                                                                                                                      |
|----------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Responsable</b>   | <b>CONCELLO DE CHANTADA.</b> P2701600E. Plaza de España, 1.- 27500.- Chantada.- LUGO                                 |
| <b>Finalidades</b>   | Recogida y gestión de los datos y documentación indicado en la instancia de la solicitud.                            |
| <b>Legitimación</b>  | Consentimento del interesado y Deber legal del Ayuntamiento de Chantada para la tramitación de la solicitud.         |
| <b>Duración</b>      | Los datos se conservarán mientras dure el proceso.                                                                   |
| <b>Destinatarios</b> | Personal y/o entidades involucradas en la gestión del proceso.                                                       |
| <b>Derechos</b>      | Acceso, rectificación, supresión, y oposición, y otros desenvolvidos en la información adicional.                    |
| <b>Info ampliada</b> | <a href="https://www.concellodechantada.org/">https://www.concellodechantada.org/</a> o en la oficinas del Concello. |

R. 0376

**A FONSAGRADA***Anuncio***AMPLIACIÓN DE HORARIOS DE PECHE DE ESTABLECEMENTOS HOSTALARÍA**

Aos efectos do establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que, mediante o Decreto da alcaldía número 2026-0087 do 10 de febreiro do 2026, ditouse a RESOLUCIÓN que, de xeito literal, dí:

“Visto que tivo entrada neste Concello, o día 21 de xaneiro de 2026 número 2026-E-RC-187 escrito de D. José Francisco Real Castro, con DNI \*\*\*2806\*\*, en nome e representación acreditada da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo mediante o cal solicita autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalaría deste Concello, en dúas horas máis do legalmente establecido, nas seguintes datas:

ENTROIDO: todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 17 ao 18 de febreiro (incluída).

PONTE SAN XOSÉ: todas as noites desde a noite do 18 ao 19 de marzo ata a noite do 21 ao 22 de marzo.

SEMANA SANTA: todas as noites desde a noite do 28 ao 29 de marzo ata a noite do 4 ao 5 de abril (incluída).

FESTA DO TRABALLO: todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 2 ao 3 de maio.

SAN XOÁN: a noite do 23 ao 24 de xuño.

FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO: as noites do 24 ao 25 de xullo e a noite do 25 ao 26 de xullo.

FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN: as noites do 14 ao 15 de agosto e a noite do 15 ao 16 de agosto.

DÍA DA HISPANIDADE: a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.

TODOS OS SANTOS: as noites do 30 ao 31 de outubro e a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro.

PONTE DA CONSTITUCIÓN: todas as noites desde a noite do 4 ao 5 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).

FESTAS DE NADAL: todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2026 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2027 (incluída).

Visto, a maior abastanza e en relación coa solicitude cursada, que está programada a celebración das festas patronais de A Fonsagrada entre os días 04 ao 06 de setembro do 2026.

Considerando o carácter excepcional destas datas, e tendo en conta que durante as mesmas, desfrutárase de máis tempo na rúa, ocasionando un ambiente popular e festivo, o que tamén podería repercutir en beneficio do comercio local. Visto o artigo 9 da Orde de Outubro de 2020 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo:

*«1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.*

*2. Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*

*3. Para os efectos desta orde, entenderase por Entroido o período comprendido entre o Xoves de Entroido e o Mércores de Cinza, ambos incluídos, por Semana Santa o período comprendido entre o Domingo de Ramos e o Domingo de Resurrección, ambos incluídos, e por Nadal o período comprendido entre o 22 de decembro e o 6 de xaneiro, ambos incluídos.*

*4. En todos os supostos anteriores, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*

*5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas»*

A competencia para resolver encóntrase reflectida no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuizo do disposto na lexislación sectorial de aplicación.

## RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.-** A ampliación horaria de dúas horas sobre o horario límite de peche dos establecementos de hostalaría, dentro do ámbito de poboación deste municipio, nas festividades seguintes e con produción de efectos desde a data da presente resolución:

- ENTROIDO: todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 17 ao 18 de febreiro (incluída).
- PONTE SAN XOSÉ: todas as noites desde a noite do 18 ao 19 de marzo ata a noite do 21 ao 22 de marzo.
- SEMANA SANTA: todas as noites desde a noite do 28 ao 29 de marzo ata a noite do 4 ao 5 de abril (incluída).
- FESTA DO TRABALLO: todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 2 ao 3 de maio.
- SAN XOÁN: a noite do 23 ao 24 de xuño.
- FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO: as noites do 24 ao 25 de xullo e a noite do 25 ao 26 de xullo.
- FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN: as noites do 14 ao 15 de agosto e a noite do 15 ao 16 de agosto.
- FESTAS PATRONAIS DE A FONSAGRADA: as noites do 04 ao 06 de setembro.
- DÍA DA HISPANIDADE: a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.

- **TODOS OS SANTOS:** as noites do 30 ao 31 de outubro e a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro.
- **PONTE DA CONSTITUCIÓN:** todas as noites desde a noite do 4 ao 5 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- **FESTAS DE NADAL:** todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2026 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2027 (incluída).

**SEGUNDO.-** Dar traslado da presente á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo, así como á Compañía da Garda Civil de A Fonsagrada, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común, así como no taboleiro de anuncios do Concello de A Fonsagrada

**CUARTO.-** Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. ”

A Fonsagrada, 11 de febreiro de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 0377

---

## FRIOL

### Anuncio

#### **Oferta de Emprego Público 2025**

Por Resolución da Alcaldía de 11 de febreiro de 2026 aprobouse a oferta de emprego público deste concello que contén a praza que se cita de seguido:

#### **PERSOAL FUNCIONARIO:**

Funcionarios de Carreira: Grupo C1, escala de administración xeral, subescala administrativo/a.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 91.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 204 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo de un mes, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Lugo durante o prazo de dous meses, contados a partir do seguinte ao da referida publicación, sen perxuízo de que se poda interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Friol, 11 de febreiro de 2026.- O alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 0378

---

## LUGO

### Anuncio

O Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2025, aprobou inicialmente a Ordenanza e proxecto para implantación da Zona de Baixas Emisións (ZBE) de Lugo, e que constitúe o seu anexo V, e o sometemento do expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES para a presentación de suxestións e reclamacións.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, queda aberto o trámite de información pública e audiencia referido, que se iniciará a partir do día seguinte hábil ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. As suxestións e reclamacións que, de ser o caso, se formulen deberán dirixírselle ao Excmo. Sr. alcalde do Concello de Lugo, e poderán presentarse nos rexistros e oficinas autorizados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os citados acordos iniciais estarán expostos ao público durante o prazo de citado mediante Edicto no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e no portal de transparencia da devandita entidade, para que durante o mesmo prazo os/as interesados/as poidan presentar as suxestións e reclamacións que estimen oportunas. Dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da provincia de Lugo, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última destas dúas publicacións referidas; entendéndose como definitivos os acordos provisionais, de non se presentaren reclamacións a aqueles durante dito período, e procederase á súa publicación, comunicación e notificación regulamentarias, e deberase, así mesmo, dar conta ao Pleno da corporación.

O texto íntegro do acordo adoptado pódese atopar no seguinte enlace <https://datosabertos.lugo.gal>.

Lugo, 11 de febreiro de 2026.- O tenente de alcalde delegado da área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, Rubén Arroxo Fernández.

R. 0379

---

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión celebrada o día 3 de decembro de 2025, aprobou a actualización do Plan de Mobilidade Urbana sostible da cidade de Lugo elaborado por Desarrollo, Organización y Movilidad, S.A., polo que se procede a darlle publicidade para que sea coñecido polos veciños de Lugo.

O citado acordo estará exposto ao público durante o un prazo de 20 días hábiles mediante Edicto no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e no portal de transparencia da devandita entidade, para que durante o mesmo prazo os/as interesados/as poidan presentar as suxestións e reclamacións que estimen oportunas. Dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da provincia de Lugo e nun dos diarios de maior difusión da provincia, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última destas dúas publicacións referidas.

O texto íntegro do acordo adoptado pódese atopar no seguinte enlace <https://datosabertos.lugo.gal>.

Lugo, 11 de febreiro de 2026.- O tenente de alcalde delegado da área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, Rubén Arroxo Fernández.

R. 0380

---

## PANTÓN

### *Anuncio*

Por Decreto nº 2026-0043 de data 10.02.26, o Alcalde-Presidente acordou aprobar o padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao bimestre de setembro-outubro do ano 2025.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e formular observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, expónse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributo ao cobro: Taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo e sumidoiro correspondente ao bimestre de setembro-outubro de 2025.

- Prazo de ingreso en período voluntario: 16.02.26 ao 16.04.26, ambos incluídos. Data de cargo en conta bancaria: 23.02.26.
- Modalidade de ingreso: A través do servizo de recadación do Concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar, días e horario de ingreso: Oficinas de recadación do concello de Pantón, de luns a venres laborais, de 9 a 14 horas.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 11 de febreiro de 2026.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0381

---

## RIBADEO

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DE REGULAMENTO ORGÁNICO DO PLENO**

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 10/02/2026 acordou a aprobación inicial do regulamento orgánico do Pleno, que pode consultarse no taboleiro de anuncios do Concello.

En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de trinta días, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 11 de febreiro de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0382

---

## SOBER

### *Anuncio*

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto no artigo 51.1 do Código Civil, publícase que pola Alcaldía do Concello de Sober, en data 11 de febreiro de 2026 adoptou Decreto que di: Delegar na concelleira dona Paula Vázquez Verao a celebración do matrimonio civil entre don Juan Manuel Pereira Domínguez e dona Yolanda Álvarez Mallón, a celebrar o día 09 de maio de 2026, no Salón de Plenos do Concello de Sober. Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do previsto no artigo 44.2º do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro.

Sober, 11 de febreiro de 2026.- O alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0383